

#### **4.- MULLER E SERVICIOS SOCIAIS**

---

#### **4.1.-REGULAMENTO DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR (S.A.F.)**

Aprobado por acordo plenario do 28 de decembro de 2000.

Publicado no BOP de A Coruña do 28 de abril de 2001.

#### **OBXECTO, ÁMBITO E INTERPRETACIÓN**

O presente Regulamento ten por obxecto o desenvolvemento do Programa de Axuda no Fogar no Concello de Santiago de Compostela.

1.- Este Regulamento inscríbese dentro do ámbito de aplicación da Lei 4/1993, do 14 de Abril, de Servicios Sociais, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e da Orde do 22 de xullo de 1996 pola que se regula o Servicio de Axuda no fogar.

2.- A interpretación deste Regulamento é competencia dos Órganos de Goberno deste Concello.

**ARTIGO 1º** O programa de Axuda no Fogar ten por obxecto prestarlles un conxunto de atencións desde unha perspectiva integral e normalizadora ós cidadáns no seu domicilio, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desintegración familiar, facilitando a permanencia no seu propio contorno de convivencia e evitando a súa posible institucionalización.

A Axuda no Fogar ten a consideración de Prestación Básica de Servicios Sociais de Atención Primaria inserta no sistema integrado de servicios sociais de carácter complementario e transitorio, que non exime á familia das súas responsabilidades, con planificación, coordinación e control público, que a través de persoal cualificado e supervisado presta, a nivel preventivo, educativo, asistencial e rehabilitador, unha serie de atencións ou coidados de carácter persoal, psicosocial e educativo, doméstico e técnico, a familias e persoas con dificultades para procura-lo seu benestar físico, social e psicolóxico, proporcionándolle-la posibilidade de continuar no seu contorno natural, mentres isto sexa posible e conveniente.

**ARTIGO 2º** O servico de Axuda no Fogar ofrecerá unha atención integral e polivalente ós usuarios, que abarque diferentes necesidades do individuo, apoiando e estimulando os aspectos de relación humana, a autoestima e a mellora das condicións de

vida. Tódalas intervencións que se fagan neste ámbito terán un carácter preventivo, educativo e rehabilitador.

A variedade de prestacións que se ofrecen desde o servico de axuda no fogar concretaranse nas seguintes atencións:

#### 1.- Atencións de carácter persoal:

Engloban todas aquelas actividades que se dirixen ó usuario do servico cando este non poida realizalas por si mesmo ou cando precise:

- Axuda no aseo e coidado persoal co obxecto de mante-la hixiene corporal.
- Axuda para comer.
- Supervisión, se procede, da medicación simple prescrita por persoal facultativo e do estado de saúde para a detección e comunicación de calquera cambio significativo.
- Apoio á mobilización dentro do fogar.
- Compañía.
- Acompañamento fóra do fogar para a realización de diversas xestións tales como visitas médicas, tramitación de documentos e outras análogas.
- Outras atencións de carácter persoal non recollidas nos apartados anteriores, que poidan ser incluídas con carácter específico para acadar-la finalidade deste servico.

#### 2.- Atencións de carácter psicosocial e educativo:

Refírense ás intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ó desenvolvemento das capacidades persoais, a afectividade, a convivencia e a integración na comunidade onde se desenvolva a vida do usuario, así como o apoio á estruturación familiar.

#### 3.- Atencións de carácter doméstico:

Enténdense como tales aquelas actividades e tarefas que se realicen de forma cotiá no fogar referidas a:

- A alimentación. Comprenderá entroutros, os labores de compra e preparación de alimentos no fogar.
- A roupa. Comprenderá as funcións de lavala, pasarlle o ferro, cosela, ordenala, mercala e outras análogas.
- Limpeza e o mantemento da vivenda.

Todas elas terán un carácter excepcional e complementario das propias capacidades do usuario ou doutras persoas do seu contorno inmediato.

Para a realización destas actuacións o usuario deberá dispor ou proverse dos medios necesarios. No seu defecto, os servizos sociais competentes poderán xestionar os recursos adecuados para que as ditas atencións poidan ser realizadas.

#### 4.- Atencións de carácter técnico e complementario:

Refírense a xestións ou actuacións que poidan ser necesarias, ben para a posta en funcionamento do servizo, para que continúe en condicións axeitadas, ou para permitir, co apoio de novas tecnoloxías, unha atención inmediata en situacións de crise ou emerxencia, tales como a teleasistencia e outras actuacións encamiñadas á adecuación funcional do fogar.

### **ARTIGO 3º**

Os usuarios colaborarán na financiación do servizo en función das súas posibilidades económicas, podendo ser clasificados en distintos grupos: os exentos de pagamento, os de pagamento porcentual e os de pagamento total.

En todo caso quedarán exentos de pagamento os usuarios que perciban como máximo, unha renda per cápita inferior ó 50% do salario mínimo interprofesional. Tomándose como base a cantidade resultante de restar ós ingresos que, por calquera concepto, perciba a unidade familiar de convivencia os gastos fixos de alugueiro ou de amortización da vivenda.

A obriga de pago do prezo público regulado comeza dende que se inicia a prestación do Servizo. O número de horas de prestación de servizo estipúlase entre un máximo de dúas horas diarias e un mínimo de unha, podendo engadírselle a esta unha fracción de 30 minutos

As liquidacións de prezos practícanse por meses naturais abonándose nos quince primeiros días naturais do mes seguinte. O abono efectuarase mediante cargo na conta corrente ou caderno de aforros que o solicitante do Servizo de Axuda no Fogar deberá indicar no modelo oficial de solicitude.

As tarifas terán unha revisión anual estando obrigado o usuario a actualizar a documentación pertinente que a mes de Xaneiro solicitaráselle.

**ARTIGO 4º** O servizo de axuda no fogar está dirixido a toda a poboación, tendo como obxecto prioritario de atención aqueles cidadáns que polas súas eivas físicas ou mentais, socioeconómicas ou familiares teñan seriamente limitada a súa autonomía persoal e capacidade de relación social, precisando algunha das atencións descritas no artigo anterior, sempre e cando este sexa o recurso axeitado, segundo a

valoración dos profesionais dos servizos sociais de atención primaria.

Poderán ser potenciais usuarios os seguintes:

- Familias ou persoas que presenten disfuncións que poidan ser susceptibles de mellora cunha adecuada atención a domicilio.

- Persoas maiores, con certo nivel de dependencia, que non teñan ninguén que os atenda suficientemente e que, con esta axuda, poidan continuar vivindo no seu fogar.

- Persoas con minusvalidez ou incapacitadas ás que a axuda no fogar lles poida favorecer a súa autonomía.

- Persoas afectadas por unha lesión, enfermidade física ou mental ou por outros motivos que lles fagan precisar de axuda.

- Menores ós que haxa que coidar ou atender por ausencia dos pais ou titoros, ou cando estes, por circunstancias provisionais e urxentes de enfermidade ou outros motivos suficientemente xustificadas, non poidan exercer as súas funcións.

- Colectivos específicos que presenten situacións de risco e exclusión social.

En xeral, cando exista unha situación de desatención social ou familiar, validada tecnicamente, que xustifique a intervención do servizo.

**ARTIGO 5º** No desenvolvemento da prestación deste servizo, intervirán, nun primeiro nivel, os traballadores sociais dos servizos sociais de atención primaria, que desempeñan un labor de carácter técnico (diagnóstico, seguimento, avaliación) en coordinación cos profesionais do propio equipo ou en colaboración cos doutros servizos ou programas que pertencen a estes servizos sociais ou a outros servizos de protección social. Nun segundo nivel intervirán os auxiliares de axuda no fogar como profesionais que se encargan da execución.

Entre os dous niveis estableceranse liñas de coordinación, así como entre estes e o voluntariado, o cal poderá colaborar de forma complementaria.

**ARTIGO 6º** O persoal que pode intervir no servizo de Axuda no Fogar estará composto por profesionais e voluntarios e as súas funcións e tarefas serán as seguintes:

- Traballador social, como profesional que recibe a demanda, fará o estudo e valoración da situación presentada, deseñará o proxecto de intervención adecuado a ela e será responsable do seguimento e avaliación.

As súas funcións e tarefas concretas serán:

1. Estudio das demandas de información e atención dos solicitantes, valoración da situación, deseño da proposta de intervención cos obxectivos e a estratexia que cómpre seguir, mobilizando e asignando os recursos necesarios.
  2. Estímulo das responsabilidades dos familiares como cuidadores primarios e fomento da autoestima dos usuarios.
  3. Asignación e supervisión de tarefas.
  4. Formulación de propostas de ampliación, redución ou suspensión do servizo se fose necesario.
  5. Avaliación e seguimento dos casos atendidos.
- Auxiliar de axuda no fogar, como profesional realizará tarefas de carácter asistencial e educativo en contacto directo co usuario do servizo, a súa familia e o seu contorno. As súas funcións e tarefas concretas serán:

a) Funcións:

- 1.- Asistenciais, de atención persoal e doméstica.
- 2.- De orientación en actividades da vida cotiá, favorecendo unha normalización no funcionamento do fogar.
- 3.- Educativas, potenciando o protagonismo do usuario, non substituído naquelas tarefas que poida realizar por si mesmo e facilitándolle as canles de comunicación co seu entorno.
- 4.- De colaboración co traballador social na coordinación e avaliación do servizo

b) Tarefas:

As necesarias para levar a cabo as funcións anteriormente enumeradas, establecidas e supervisadas en cada caso polo profesional ou equipo responsable do servizo.

Este persoal será formado previa e especificamente para o desenvolvemento das súas funcións e tarefas, establecendo posteriormente un sistema de xuntanzas periódicas de avaliación e formación, nas que se lles vaian dando resposta a problemas concretos que presente o servizo.

- Outros profesionais coordinados cos traballadores sociais, tales como educador familiar ou psicólogo e profesionais doutros servizos que colaboren co servizo de axuda no fogar.

- Voluntarios, son aquelas persoas que actúan de forma solidaria, sen expectativas de remuneración económica e dentro do programa de intervención correspondente, complementando de forma coordinada as funcións e tarefas do persoal anteriormente relacionado. Dado o seu carácter de relación interpersonal, de diversidade, de flexibilidade de horarios e dispoñibilidade de tempo libre, as tarefas que poderán desempeñar serán as de compañía, fomento de relacións comunicación e ocupación de tempo libre tanto dentro como fora do fogar, e outras que contribúan ó fomento da autoestima. A tal fin deberán ser formados convenientemente.

**ARTIGO 7º** Os usuarios do servizo así como os distintos profesionais e voluntarios implicados nel deberán:

- Respecta-las normas e condicións establecidas, mediante acordo escrito no momento da concesión do servizo: tarefas que se van realizar, horarios, período de duración, achega económica ou similares.

- Comunica-las causas que se poidan producir que dean lugar a modificacións na prestación do servizo.

- Respecta-la intimidade do usuario e garda-la debida confidencialidade.

**ARTIGO 8º** O usuario será informado sobre os compromisos que debe asinar caso de formalizarse o contrato, entoutros:

- Aceptar a que se realice o seguimento e control do desenvolvemento do servizo polo equipo técnico de servizos sociais da entidade local.
- Cando por circunstancias fose necesario realizar un cambio no horario ou unha substitución da auxiliar de axuda no fogar, que non supoña alteración no obxectivo da prestación, poderá realizarse sen mediación algunha co usuario, estando igualmente vixente o contrato.
- Abona-las cotas segundo baremo nos prazos e xeito de pago asignado neste Regulamento.
- Comunicar ó técnico do servizo cunha antelación de 7 días as ausencias temporais do domicilio; caso contrario, pasaráselle a mensualidade sen repercutir ningún tipo de desconto sobre a tarifa habitual.

- Abonalo custe do Servizo no período de vacacións, obtendo así a reserva de praza.
- Comunicar ó Centro de Servizos Sociais calquera modificación que se produza con respecto o cambio de domicilio, teléfono, ou sobre as variacións na súa situación socioeconómica e/ou familiar.

**ARTIGO 9º** Requisitos para o acceso ó servizo de Axuda no Fogar:

1. Estar empadroado no Concello de Santiago.
2. Estar incapacitado para a realización das tarefas para as que demanda o Servizo.
3. Reunir as condicións familiares, sociais, técnicas e económicas establecidas nos baremos que figuran a continuación, obtendo unha puntuación mínima de 51 puntos.

**ARTIGO 10º** O acceso ó servizo carretará o seguinte procedemento:

- Recepción da demanda e información sobre o servizo.
- Presentación do impreso oficial da solicitude no Rexistro do Concello, no Departamento de Servizos Sociais Municipais ou nas U.T.S. (Unidades de Traballo Social) achegando a seguinte documentación:
  - Fotocopia D.N.I. solicitante.
  - Xustificantes acreditativos da situación económica da unidade familiar de convivencia por tódolos conceptos: última declaración da renda, certificado da pensión percibida ou últimas nóminas e/ou tarxeta de demanda de emprego.
  - Fotocopia da tarxeta sanitaria.
  - Informe médico sobre a situación de dependencia.
  - Fotocopia do recibo da contribución rústica e urbana.
  - Certificado de convivencia.
  - Xustificante do réxime de ocupación da vivenda.

- Derivación do impreso de solicitude ós Negociados de Rexistro, Estatística e Facenda Municipal para a emisión do informe preceptivo.
- Informe Social coa valoración técnica da necesidade.
- Informe da Xefa de Sección.
- Proposta de resolución da Concelleira Delegada a Comisión de Goberno.
- Notificación ó usuario da resolución adoptada especificando a intervención e achega económica que proceda.
- Notificación á empresa adjudicataria da resolución adoptada especificando a intervención que proceda.
- Formalización por escrito do contrato entre o Concello e o usuario das condicións da prestación do servizo.

Cando unha situación reciba a consideración de urgente, por presentarse a necesidade de forma imprevista e súpeto e/ou carrete alto risco, o inicio do servizo poderá ser inmediato co informe do traballador social de zona e autorización da xefa de servizos sociais, seguindo o procedemento a súa tramitación ordinaria.

En caso de saturación do servizo, a solicitude aprobada pasará a unha lista de espera accedendo á prestación do mesmo por orden de aprobación, exceptuando aquelas situacións con valoración de urgente; neste último caso o usuario podería voltar a pasar á lista de espera unha vez normalizada a súa situación.

**ARTIGO 11º** Os criterios para a concesión do servizo, baseanse en indicadores flexibles que permiten considera-la valoración da necesidade en función de:

- Autonomía persoal para a realización de actividades da vida cotiá (alimentación, hixiene persoal, labores domésticas) puntuando niveis de dependencia ou necesidades derivadas de deficiencias de saúde física ou mental.
- Situación socio-familiar, establecendo os graos en que a familia e outras persoas do contorno do posible usuario o axuden ou o poidan axudar.
- Situación socioeconómica da unidade de convivencia, tomando como base a renda dispoñible mensual, entendendo por esta a cantidade resultante de restar ás rendas e /ou ingresos da unidade de convivencia os gastos

fixos de alugueiro ou de amortización da vivenda, ata un tope máximo de 250.000 ptas/mes.

Outras situacións e factores que a criterio técnico consideren a adecuación do servizo ás necesidades persoais e sociais do usuario.

En todo o caso, terase en conta a urxencia da demanda do caso e a dispoñibilidade do Servizo.

#### 11.1. Indicadores valorativos da necesidade:

1. Situación económica: 15 puntos.
2. Situación de autonomía/dependencia persoal para realización das actividades básicas da vida cotiá: 30 puntos.
3. Situación socio-familiar: 30 puntos.
4. Criterio técnico: 25 puntos.

1º Indicador Situación Económica. Táboas de ingresos e tarifas unha vez descontadas os gastos de aluguer e/ou amortización.

| Nº convivintes | Ingresos                              |
|----------------|---------------------------------------|
| 1              | Ata o 85 % do SMI                     |
|                | Mais do 85 % e menos 100 % do SMI     |
|                | Mais do 100 % e menos do 125 % do SMI |
|                | Mais do 125 % e menos do 150 % do SMI |
|                | Mais do 150 % do SMI                  |

| Nº convivintes | Ingresos                              |
|----------------|---------------------------------------|
| 2              | Ata o 100 % do SMI                    |
|                | Mais do 100 % e menos do 125 % do SMI |
|                | Mais do 125 % e menos do 150 % do SMI |
|                | Mais do 150 % e menos do 175 % do SMI |
|                | Mais do 175 % do SMI                  |

| Nº convivintes | Ingresos                              |
|----------------|---------------------------------------|
| 3              | Ata o 150 % do SMI                    |
|                | Mais do 150 % e menos do 175 % do SMI |
|                | Mais do 175 % e menos do 200 % do SMI |
|                | Mais do 200 % e menos do 225 % do SMI |
|                | Mais do 225 % do SMI                  |

| Nº convivintes | Ingresos |
|----------------|----------|
|----------------|----------|

|   |                                       |      |
|---|---------------------------------------|------|
| 4 | Ata o 200 % do SMI                    | Grat |
|   | Mais do 200 % e menos do 225 % do SMI | 25 % |
|   | Mais do 225 % e menos do 250 % do SMI | 50 % |
|   | Mais do 250 % e menos do 275 % do SMI | 75 % |
|   | Mais do 275 % do SMI                  | 100  |

| Nº convivintes | Ingresos                              | Apor |
|----------------|---------------------------------------|------|
| 5              | Ata o 250 % do SMI                    | Grat |
|                | Mais do 250 % e menos do 275 % do SMI | 25 % |
|                | Mais do 275 % e menos do 300 % do SMI | 50 % |
|                | Mais do 300 % e menos do 325 % do SMI | 75 % |
|                | Mais do 325 % do SMI                  | 100  |

2º. Indicador Valorativo Autonomía/Dependencia persoal.

Descrición de 10 actuacións puntuadas de 1 a 3 puntos entendendo que:

- 1 punto corresponde a realiza-las tarefas con normalidade.
- 2 puntos corresponde a non poder realizalas.
- 3 puntos corresponde a realizalas con dificultade.

2.1. Realiza-la limpeza do fogar .

1 2 3

2.2. Lavar, tender, pasalo ferro.

1

2 3

2.3. Asearse, vestirse e espirse.

1 2 3

2.4. Preparar alimentos.

1 2 3

2.5. Erguerse e deitarse na cama, sofá.

1 2 3

2.6. Comer so/a.

1 2 3

2.7. Saír so/a do fogar.

1 2 3

2.8. Realizar xestións: ir ó médico, banco, oficinas.

1 2 3

2.9. Manexa aparatos básicos: interruptores de butano, luz.

1 2 3

2.10. Administrar gastos para a manutención.

1 2 3

Total Puntos

3º Indicador Valorativo Situación Socio – Familiar.

|  |  |
|--|--|
| 3.1.- A persoa non recibe ningún tipo de axuda por estar estes en residencias moi afastadas, carecer de apoio social   | • Falha de colaboración do usuario ou familiares responsabilizados para levar a cabo o bo desenvolvemento da prestación do Servizo.  |
| 3.2.- A persoa non recibe ningún tipo de axuda por falla de relación e/ou interese cos familiares directos, debendo exercerse algunha medida de tipo legal para o cumprimento desta obriga | • Ingreso con carácter definitivo en centro residencial.   |
| 3.3.- A persoa recibe axuda de familiares que presentan as seguintes circunstancias (elixir a categoría correspondente)  | • Traslado definitivo da súa residencia a outro lugar.   |
| a).- Referidas ó cuidador -situación sociolaboral-   | Desocupado e/ou inactivo sen cargas familiares<br>Traballa media xornada (4/5 horas)<br>Traballa toda a xornada en quenda continua<br>Traballa toda a xornada en quenda partida  |
| b).- Referidas ó cuidador -situación familiar-   | Ten menores de 16 anos ó seu cargo   |
| c).- Referidas ó cuidador -situación familiar-   | Ten outro familiar dependente ó seu cargo  |
| d).- Referidas ó cuidador -situación persoal-  | Ten recoñecida facultativamente a súa saúde que lle dificultan a prestación de axuda social, estatística e económica que a situación.  |
| e).- Axuda que presta o cuidador   | Presta unha axuda diaria de mais de 3 horas, desocupado e sen cargas familiares<br>Presta unha axuda diaria de 3 horas, traballando en quenda continua<br>Presta unha axuda diaria de menos de 3 horas, traballando en xornada continua<br>Presta unha axuda diaria de 2 horas, traballando en xornada partida con cargas familiares |
| f).- Referidas ó potencial beneficiario do S.A.F.  | A persoa non acepta outro recurso mais axeitado á súa situación<br>A persoa elixe libremente vivir soa cando pode vivir con familiares<br>A persoa forma parte da unidade familiar e demanda-lo servizo<br>A persoa foi acollida, tras presentarse a situación por que demanda o servizo   |

#### 4.- Criterio Técnico

Informe social que avaliará a adecuación do recurso demandado, non so polo cumprimento do baremación esixida, se non que reflectirá as repercusións que as necesidades valoradas (autonomía persoal e situación socio-familiar) teñen na vida cotiá do usuario, facéndoo obxecto de intervención específico deste servizo: ata 25 puntos.

#### **ARTIGO 12º**

12.1.- Son causas de extinción do servizo de Axuda no Fogar as seguintes:

- Renuncia por escrito do usuario, trala que quedará invalidada a vinculación entre o usuario e o Concello.

- Incumplimento dos requisitos establecidos para a prestación do servizo.
- Deterioro psicofísico do usuario que resulte insuficiente para a atención das súas necesidades.
- Finamento do usuario.
- Quando se produza unha situación que se estime como grave polos técnicos municipais, por presentarse a necesidade de forma imprevista e/ou carrete alto risco, o usuario poderá causar baixa no servizo de xeito inmediato co informe do traballador/-a social de zona e a autorización da xefa de Servizos Sociais, seguindo posteriormente a tramitación ordinaria.

**ARTIGO 13º** O desenvolvemento da prestación deste servizo carreta a instrumentación do seguinte Soporte Documental:

- Impreso Instancia - Solicitud.
- Contrato usuario - Servizos Sociais sobre as tarefas a realizar pola traballadora familiar.
- Compromiso do usuario de aceptación das condicións que rexen o Servizo de

Axuda no Fogar, así como autorización para a entrada no domicilio particular.

- Ficha usuarios do Servicio.
- Impreso baixa voluntaria.
- Informe sobre a baixa do Servicio.
- Informe Social